

O IMPOSTO SOBRE ESTADÍAS TURÍSTICAS PARA SANTIAGO DE COMPOSTELA

UN INSTRUMENTO NECESARIO PARA
ORDENAR A TURISTIFICACIÓN E AVANZAR
NA GOBERNANZA PARTICIPATIVA

Grupo de Investigación ANTE-IDEGA da USC
(Rubén C. Lois, M. Pazos e M^a José Piñeira)



ÍNDICE

1. Introducción
2. Estrutura do documento
3. A afluencia turística a Santiago de Compostela
4. Sobreturismo e consecuencias sobre a función residencial da cidade
5. Os tributos turísticos no espazo ibérico e balear: elementos de interese para Santiago
6. Proposta de proxecto de lei para un Imposto sobre Estadías Turísticas en Galicia
7. Un modelo de gobernanza para a xestión do imposto turístico en Santiago
8. Conclusións



1 Introducción

Por que planificar o turismo da cidade?

- Galiza consolídase como destino turístico a nivel internacional
- Santiago de Compostela é a icona principal como cidade histórica e patrimonial
- O aumento do fluxo turístico pon en risco a cidade coa posibilidade dunha crise urbana
- Medidas a adoptar: imposto sobre as estadias turísticas e gobernanza sustentable



2 Estrutura do documento

As principais epígrafes:


- **Análise do fluxo turístico** de Compostela:
 - Forte crecemento da **afluencia turística**.
 - **Períodos puntuais de masificación** que provocan perturbacións na vida urbana.
 - Aumento dos **esforzos e custos dos servizos básicos** para a administración local (limpeza, ruído, etc).
- Comparativa de **normativas autonómicas e locais** de tributos turísticos **no contexto ibérico e balear**.
- Proposta dun **proxecto de lei autonómica** para a creación dun **Imposto sobre Estadías Turísticas en Galicia**.
- Establecemento dun **Pacto Local** para a **xestión municipal e participativa** do imposto.



3

Os viaxeiros que chegan a Santiago de Compostela

Principais fluxos turísticos de Compostela



Grande incremento de case 500.000 a máis de 900.000. Residentes no estranxeiro de 200.000 a case 500.000.

Aumento prolongado do fluxo turístico, non dependente dos Anos Santos e a pandemia como excepción.

3.1 Evolución da chegada de estranxeiros até o 2024 considerando os meses de Abril




Grande incremento do nº de persoas viaxeiras estranxeiras, pasando de 200.000 a case 500.000.

Impacto negativo da pandemia no ano 2020 e 2021

3.2 Datos experimentais do INE da chegada de viaxeiros

Número de visitantes a partir da posición dos teléfonos móbiles




A metodoloxía recolle as persoas que se aloxan en casas de amizades e en VUT.

Tendencia diverxente entre a Enquisa de Ocupación Hoteleira e os datos do INE Experimental.

Ano 2020: arredor de 600.000 visitantes fronte aos 200.000 da EOH.

Ano 2023: cerca de 1.400.000 visitantes fronte aos case 900.000 da EOH

3.3 Evolución das pernoctacións en Santiago de Compostela e as pernoctación considerando os meses de Abril



Tendencia condicionada polo Ano Santo ata 2013 e logo crecemento continuado, exceptuando na pandemia e rápida recuperación pospandemia

Máximo histórico de pernoctacións en 2023, 1.600.000 noites pasadas na cidade.

Grande incremento entre os meses de Abril de 2022 a 2024:

Ano 2023, 70.000 noites rexistradas

Ano 2024, 80.000 noites rexistradas




3.4 Evolución do número de viaxeiros e operacións no aeroporto de Santiago de Compostela Rosalía de Castro



Importante crecemento chegando a superar máis do dobre de 2004 en 2023.

Máximo histórico en 2023 con aproximadamente 3.250.000 persoas.

3.5 Evolución das conexións aéreas con Santiago de Compostela



Consolidación de Santiago de Compostela como destino turístico.

Estratexia das compañías de baixo custe para establecer rutas e promoción publicitaria por parte das administracións públicas.

Evolución das conexións aéreas: ano 2010 con 6 conexión, 2019 con 14 conexións e 2022 con 22.

3.6 Evolución do número de viaxeiros chegados á estación de tren de Santiago de Compostela




Crecedemento moderado dende 2013 a 2018 do número de viaxeiros.

Importante crecedemento coa abertura do tramo de alta velocidade entre Zamora e Ourense en 2021.


Máximo histórico en 2022 de 350.000 persoas viaxeiras.

3.7 Chegada de viaxeiros por estrada. A Dársena de Xoán XXIII: o ensanchamento da tempada turística



Ampliación da tempada turística dende o mes de Marzo ata o mes de Outubro


3.8 Os camiños de Santiago: a evolución das cifras de peregrinos



Evolución continua e ascendente de peregrinos e peregrinas.

Tendencia condicionada polos Anos Santos ata 2013.

Importante crecemento a partir de 2013 do número de persoas peregrinas, exceptuando o período da pandemia.




Importante incremento do peregrino estranxeiro dende o 2013 en diante.


Maior peso do peregrino de procedencia estatal fronte o estranxeiro durante a pandemia

3.9 Procedencia dos peregrinos durante o ano 2023

Países que máis peregrinaron a Compostela no ano 2023



Nº de peregrinos e a súa procedencia, 2023



4 Overtourism en Santiago e consecuencias sobre a función residencial da cidade

Santiago de Compostela atópase entre as primeiras cidades españolas en relación á **presión turística que soportan os seus residentes**.

A **ratio de turistas por m²** no centro histórico (Plan Especial) é de **2,16**, mentres que a de **residentes é de 0,01** (2.784 habitantes en 2023).


A situación **agrávase no espazo intramuros**.

Táboa 1. Ratio de poboación/turistas en destinos turísticos urbanos

Cidade turística	Turistas (EOH 2023)	Población (2023)	Ratio Turistas/ Población
Santiago de Compostela	932.209	98.687	9,45
Granada	1.742.364	230.595	7,56
Toledo	592.232	86.070	6,88
Barcelona	8.265.353	1.660.122	4,99
Salamanca	713.976	143.954	4,96
San Sebastián	916.649	188.743	4,86
Sevilla	3.026.169	684.025	4,42
Bilbao	1.118.370	346.096	3,23
Madrid	9.898.908	3.332.035	2,97
Córdoba	923.208	323.763	2,85
Málaga	1.517.239	586.384	2,59
Valencia	2.073.681	807.693	2,57

Fonte: INE

4 Overtourism en Santiago e consecuencias sobre a función residencial da cidade





Segundo o REAT Santiago contabiliza **819 VUT**.


Desde xuño de 2018 (336 VUT) o número VUT se incrementou nun **143,7%**.

En termos de prazas o **incremento** foi de **178,3%**, pasándose das 1.521 en 2018 ás **4.234** na actualidade.

4 Overtourism en Santiago e consecuencias sobre a función residencial da cidade



4 Overtourism en Santiago e consecuencias sobre a función residencial da cidade



Vivendas totais: 56.746

Vivendas en aluguer: 9.265.

Segundo os datos do REAT un **8,83%** das vivendas en aluguer son VUT.


Táboa 2. Distribución de VUT por

Distrito	Nº VUT	% VUT
1	63	10,4 %
2	139	23,0 %
3	72	11,9 %
4	127	21,0 %
5	195	32,3 %
6	8	1,3 %

Fonte: REAT

4 Overtourism en Santiago e consecuencias sobre a función residencial da cidade

Evolución do alugueiro medio en Santiago de Compostela




Encarecemento dun 33% entre 2018 e 2023.

Búsqueda de alternativas habitacionais na área metropolitana.

4 Overtourism en Santiago e consecuencias sobre a función residencial da cidade

Oferta de aloxamento en aluguer



Redución do 88% no volume de pisos anunciados nas webs inmobiliarias.

Substitución gradual do alugueiro residencial tradicional polo alugueiro turístico

Idealista: prazos aluguer maio de 2024: 8,8€/m², un **6,7% máis caros** con respecto a 2023.

5 Os tributos turísticos no espazo ibérico e balear: elementos de interese para Santiago de Compostela

Dous terzos dos países europeos aplican hoxe algún tipo de tributo turístico. Dominan os locais con habilitación estatal, ben cun tipo fixo (0,50-7,50 euros), ben cun porcentual (0,5-7%).

Adoitan modularse segundo o **tipo e localización** do establecemento, a **tempada** turística, a duración da **estadía**, as características da **persoa usuaria** e/ou as **motivacións** da visita.

Teñen unha **crecente dimensión rexenerativa**: financian políticas encamiñadas a **reparar as externalidades negativas do turismo**.


Vense favorecidos por factores como a **claridade**, a **especialización**, a **gobernanza local**, a **transparencia**, a **participación** e a **monitorización** dos resultados.



5 Os tributos turísticos no espazo ibérico e balear: elementos de interese para Santiago de Compostela

En **España**, tras a derogación do **valenciano** en novembro de 2023: só hai dous impostos en pleno funcionamento, ambos de ámbito autonómico: o **catalán**, o primeiro en poñerse en marcha, e o **balear**.

En **Portugal** a situación é extraordinariamente dinámica. Mentres se someten a senllos procesos de reforma e actualización tarifaria as dúas taxas máis sinaladas, as de **Porto** e **Lisboa**, multiplícanse os municipios que se dotan da súa.



5

Os tributos turísticos no espazo ibérico e balear: elementos de interese para Santiago de Compostela

Conviven **tres modelos**: o **imposto autonómico** (Balears), a **taxa municipal** (Portugal) e o tributo autonómico con **complemento local aprobado mediante ordenanza** (Barcelona e Valencia).

O **feito imponible** xeral é a **estadía en establecementos turísticos e o fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro cando fagan escala**, medidos nos dous casos en **días ou fracción equivalente**.

Conviven **tributos de tipo fixo** con **outros modulados por clase e ubicación do establecemento**: as contías **van de 0,60 a 6,75 euros**.

Son frecuentes as **exencións** por idade e grao de discapacidade ou pola razón da estadía: motivos de saúde, forza maior, viaxes académicas, desafiuzamentos, violencia e exilio, etc.

5

Os tributos turísticos no espazo ibérico e balear: elementos de interese para Santiago de Compostela

A condición de **contribuínte** resérvase para a persoa usuaria. A titular do establecemento considérase **substituta**. A lei catalá creou a **figura da persoa asistente de recadación** para responder ao **reto das plataformas**.

Os tributos son **finalistas**: os ingresos destínanse á promoción do turismo sostible e investimentos rexenerativos. A **autonomía dos concellos para decidir o destino** pode garantirse mediante a aplicación dun complemento local ou a través da **cesión do imposto**.

Os tributos adoitan nutrir un **fondo único** dotado dun **instrumento de gobernanza compartido** polas administracións, o sector turístico e outras organizacións sociais.

Santiago pode ser pioneira en materia de participación cidadá.

5

Os tributos turísticos no espazo ibérico e balear: elementos de interese para Santiago de Compostela

As experiencias analizadas en España e Portugal presentan **elementos comúns e diverxencias** e son de **interese para Compostela**.

O **modelo máis acaído para Santiago** pode construírse a través do complemento local ou mediante a **cesión ao concello da xestión e recadación dun imposto autonómico**.

Unha fórmula razoable pode ser aquela na que **o 95% dos ingresos xerados se integren no orzamento municipal**, mentres que o 5% restante pasaría a un fondo autonómico para a promoción do turismo sostible.

O **carácter rexenerativo** do imposto esixe que cando menos o **80% dos fondos** que reciba o concello sexa **financiamiento incondicionado**.

A **cota tributaria** debe modularse **por tipo e categoría** de establecemento nun rango **de 1 a 2,5 euros**.

6 Proposta de Proxecto de Lei do Imposto sobre Estadías Turísticas en establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia

O informe inclúe una contribución ao procedemento legislativo elaborada polo **catedrático de Dereito Financeiro e tributario da Universidade de Santiago, César García Novoa.**

Título I. Disposicións xerais do imposto sobre estadías turísticas en establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia

Título II. Disposicións sobre aplicación, xestión e liquidación sobre estadías turísticas en establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia

Título III. Fondo para a promoción do turismo de Galicia

Título IV. Outras disposicións

Trataríase **dun imposto autonómico cedido ao Concello de Santiago**, que recibiría o 95% dos recursos procedentes da recadación, un 80% en forma de financiamento incondicionado.

6 Proposta de Proxecto de Lei do Imposto sobre Estadías Turísticas en establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia

A **cota tributaría** iría **de 1 a 2,5 euros** en función da categoría e o tipo de establecemento:

Estadías en hoteis, hoteis apartamentos, hoteis balnearios e hoteis talaso de 5 estrelas, gran luxo, cámpings de luxo e hoteis apartamentos de cinco estrelas, cinco estrelas gran luxo e catro estrelas superior.	2,5 euros por unidade de estadía
Estadías en hoteis, hoteis apartamentos, hoteis balnearios e hoteis talaso de catro estrelas e tres estrelas superior e establecementos ou equipamentos de categorías equivalentes.	2 euros por unidade de estadía
Estadías en hoteis dunha, dúas e tres estrelas, así como en bloques e conxuntos de apartamentos turísticos, vivendas de uso turístico e casas e hoteis rurais de tres e catro estrelas.	1,5 euros por unidade de estadía
Estadías en hostais e pensións, pousadas, bloques e conxuntos de apartamentos turísticos estándar e no resto de hoteis rurais. Tamén en cámpings e áreas para pasar a noite en tráfico para autocaravanas e acampadas en terreo particular con vivenda habilitada e albergues turísticos.	1 euro por unidade de estadía
Estadías en portos deportivos e embarcacións de cruceiro turístico.	1,5 euros por unidade de estadía

7 Un modelo de gobernanza para a xestión do imposto turístico de Santiago de Compostela

Pasos a seguir:

- Elaboración dun **Pacto Local** no que se estableza o marco dos principios da **gobernanza participativa** para o desenvolvemento dun **turismo sostible, equilibrado, seguro e responsable**.
- O **Concello** debe facer unha estimación de **propostas razoadas**, pero recorrendo á **consulta social e cidadá** para chegar a amplos **consensos**.
- É preciso consultar as **asociacións representativas do sector turístico**.
- Empregar de forma activa ferramentas para consultar e **facer partícipe a cidadanía na toma de decisións**.

7.1 Mecanismos de participación

Conformación de tres foros participativos:

- 1º Foro, onde participarán as **asociacións representantes do sector da hostalería e o turismo**.
- 2º Foro, no que participarán **representantes da cidadanía**, organizando o **tecido asociativo dos barrios**.
- 3º Foro, que inclúe as **intitucións, comités asesores e de promoción de Santiago, xunto con grupos políticos e sindicatos**.
- Como mecanismo engadido de participación empregárase un **portal web** con información para a cidadanía e elaboraranse **enquisas** a determinados ***focus groups*** empregando, por exemplo, **códigos QR**.

7.2 Destino da recadación do imposto turístico

A que se poden destinar os recursos?

- Maior investimento no mantemento e na **preservación do patrimonio**.
- Reforzamento da **limpeza urbana** e da **recollida de lixo**.
- Maior e mellor **xestión dos fluxos turísticos**.
- Maior capacidade de **inspección e sanción** sobre as **Vivendas de Uso Turístico (VUT)**.
- **Melloras do espazo público**, con máis sectores de **convivencia** e de **lecer para residentes**.
- Promoción de **actividades culturais**.
- Actuacións de **mellora ambiental**.

8

Conclusións

- **Santiago de Compostela** consolídase como un dos grandes destinos internacionais de turismo urbano e cultural.
- Segundo os datos recentes, a tendencia persiste no **crecemento do número de persoas viaxeiras**, provocando un efecto de **turistificación na cidade**.
- A **cidade compostelá**, como centro histórico e patrimonial e asociada ao **prestixio do Camiño de Santiago**, supón un **atractivo turístico indiscutible**, pero coas rúas saturadas e a **degradación de certos servizos pode pasar factura**.
- Para **corrixir** estas posibles **problemáticas** derivadas da turistificación é necesario **poñer en marcha un imposto sobre estadias turísticas**.
- O tributo **aplicarase ao número crecente de visitantes** que polo xeral proceden de **países onde se aplican medidas moi semellantes**.
- Para a proposta dun proxecto de lei para a creación do imposto contouse co **catedrático de Dereito Tributario e Financeiro, César García Novoa**.

8

Conclusións

- Trataríase dun **imposto autonómico cedido ao Concello de Santiago, que recibiría o 95% da recadación** realizada no termo municipal, na súa maior parte como financiamento incondicionado.
- A **cota tributaria** estaría **modulada por tipo e categoría** de establecemento nun rango **entre 1 a 2,5 euros**, obtendo **unha recadación aproximada de 3 millóns de euros**.
- Fundamental a **xestión participativa e transparente da taxa turística**. Implicación activa dos diferentes actores da cidade: asociacións representativas do sector, asociacións veciñais, institucións, etc.
- A **execución do gasto** tamén estará **suxeita a mecanismos de transparencia** e **unha marca identificará os investimentos ou actuacións** financiadas coa recadación do imposto.

O IMPOSTO SOBRE ESTADÍAS TURÍSTICAS PARA SANTIAGO DE COMPOSTELA

UN INSTRUMENTO NECESARIO PARA
ORDENAR A TURISTIFICACIÓN E AVANZAR
NA GOBERNANZA PARTICIPATIVA

Grupo de Investigación ANTE-IDEGA da USC
(Rubén C. Lois, M. Pazos e M^a José Piñeira)

